



## RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

**Asunto:** Contratación funcionaria interina administrativa por acumulación de tarefas.

**Expediente:** 2021/G003/000235 **Expediente orixe:** 2021/X999/000207

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o informe-proposta da Xerencia do 10.09.2021, co seguinte teor literal:

<<(…) Emítase o seguinte informe de conformidade co disposto no artigo 16º dos Estatutos reguladores do Consorcio:

Logo de ver o escrito da Xerencia de 24.03.2021, co Visto e prace do Presidente, no que, se reflicte o seguinte:

<<No Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, entidade adscrita á Deputación Provincial de A Coruña, actualmente existen no cadro de persoal nove prazas en administración (xerente, secretaria interventora, técnico de administración xeral, oficial, suboficial, administrativa contable, administrativo, sarxento e auxiliar administrativa).

Na actualidade, vense de rematar un proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego de administrativos, coa provisión mediante funcionario interino da praza vacante de nova creación de administrativo.

Así, coa última incorporación, seguen vacantes en tanto non se realicen os correspondentes procesos de selección, as prazas de oficial, sarxento e técnico de administración xeral.

Está previsto que estes procedementos se inicien de xeito inmediato, dentro do posible, tendo en conta a forte carga de traballo actual. Non obstante, mentres non se realizan as coberturas correspondentes, resulta necesaria a incorporación de polo menos un administrativo mais, ante a ausencia do técnico de administración xeral.

Asemade, resulta preocupante a situación da xestión dos ingresos relativos á taxa pola prestación do servizo de prevención e extinción de incendios, xa posta de manifesto en diversos informe da Secretaría Intervención, así como no informe de auditoría realizado por esa entidade como ente de adscrición. Por mor disto, e en prol de impulsar decididamente a xestión das liquidacións correspondentes á mencionada taxa, sería convinte a contratación doutro administrativo con tal finalidade.

Compre ter en conta, en relación co exposto no parágrafo anterior, dúas cuestións:

1ª.- A non existencia de persoal con formación xurídica, no Consorcio, que poida encargarse dos recursos correspondentes a xestión da mencionada taxa.

2ª.- As dificultades técnicas na obtención de datos para a confección das correspondentes liquidacións da taxa, e de forma significativa, pola súa importancia cuantitativa, as derivadas de intervencións en vehículos. Na actualidade, non foi posible o acceso directo aos datos da Dirección Xeral de Tráfico, polo que se realizan solicitudes de xeito individualizado que demoran notablemente a tramitación posto que a resposta cos datos demorase moito.

En canto ao cumprimento do establecido no artigo 121 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; deberá remitirse solicitude dirixida ao Presidente da Deputación Provincial da Coruña, como ente ao que se atopa adscrito este Consorcio para que, en cumprimento do mencionado artigo da Lei 40/2015, se proceda á adscrición de persoal da Deputación para o desempeño das funcións de polo menos dous administrativos para este Consorcio, para o reforzo dos servizos administrativos mediante un contrato de acumulación de tarefas durante seis meses.

Por todo o exposto, **SOLICITASE:**

A adscrición de dous empregados desa Deputación, para o desempeño das funcións de administrativo neste Consorcio, durante o período de seis meses por acumulación de tarefas.

Noutro caso, de non ser posible, se autorice a este Consorcio para a contratación directa de persoal a través da bolsa de emprego de administrativos actualmente en vigor, para o exercicio das mencionadas funcións.

Así mesmo, solicítase a colaboración da Deputación Provincial nas xestións necesarias coa Dirección Xeral de Tráfico co fin de obter un acceso directo aos datos necesarios para a confección das liquidacións da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento.

Finalmente, pídese que se valore a necesidade de asistencia por parte dos servizos correspondentes da Deputación Provincial da Coruña para a resolución dos recursos relativos a xestión da taxa en cuestión."



Como consecuencia do anterior, autorízase a contratación de dous administrativos por parte da Deputación Provincial da Coruña, como ente de adscrición.

Logo de ver que mediante Decreto da Presidencia núm. 311/2020, de data 31.12. 2020, aprobáronse as bases e convocatoria para a provisión interina e/ou laboral temporal para postos de administrativas/os no Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, mediante o sistema de concurso oposición libre.

Logo de ver que mediante Decreto da Presidencia núm. 62/2021 de data 02.03.2021 aprobouse a formación da bolsa de emprego para provisión interina e/ou laboral temporal para postos de administrativas/os no Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, con todos os aspirantes que superaron o exercicio da fase de oposición, e ordenados por orde de maior a menor puntuación obtida no proceso selectivo.

Como consecuencia do anterior esta Xerencia, ao abeiro do exposto no escrito de data 24.03.2021, arriba reflectido, considerando que se trata dunha necesidade para garantir o funcionamento do único servizo que este Consorcio ten encomendado, e por tanto esencial e prioritario; considera necesaria a contratación conforme ao establecido nas bases reguladoras da bolsa de emprego; encargándose a un deles o cometido da elaboración e tramitación das liquidacións derivadas da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios (Ordenanza Fiscal núm. 1).

Logo de ver que mediante solicitude presentada na sede electrónica do Consorcio con núm. 202199900000589 do 26.08.2021, solicítase por parte de don Ricardo Luis Cid Fernández, administrativo encargado das mencionadas tarefas, a renuncia ao seu posto de traballo de Administrativo de Administración Xeral deste Consorcio, aceptándose a mesma por decreto da Presidencia núm. 208/2021 do 31.08.2021, tomando como data de cese o 31.08.2021. Procédese ao chamamento telefónico aos aspirantes que integran a bolsa de traballo para a cobertura do mencionado posto.

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico, a aspirante Dña. Cristina Vilanova Añón con DNI \*\*\*0982\*\*, que ocupa o primeiro lugar na lista que conforma a bolsa de emprego manifesta a súa renuncia mediante escrito de data 06.09.2021 e con rexistro da sede electrónica núm. 202199900000605. A cal se admite por reunir os requisitos sinalados nas bases do procedemento selectivo.

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico, a aspirante Dña. Yolanda Abelenda Barreiro con DNI \*\*\*3169\*\*, que ocupa o terceiro lugar na lista que conforma a bolsa de emprego manifesta a súa renuncia mediante escrito de data 07.09.2021 e con rexistro da sede electrónica núm. 202199900000612. A cal se admite por reunir os requisitos sinalados nas bases do procedemento selectivo.

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico, a aspirante Dña. Paula González Pazos con DNI \*\*\*9417\*\*, que ocupa o cuarto lugar na lista que conforma a bolsa de emprego manifesta a súa renuncia mediante escrito de data 06.09.2021 e con rexistro da sede electrónica núm. 202199900000606. A cal se admite por reunir os requisitos sinalados nas bases do procedemento selectivo.

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico, a aspirante Dña. Berta Lorenzo Pazos con DNI \*\*\*2882\*\*, que ocupa o quinto lugar na lista que conforma a bolsa de emprego manifesta a súa renuncia mediante escrito de data 08.09.2021 e con rexistro da sede electrónica núm. 202199900000615. A cal se admite por reunir os requisitos sinalados nas bases do procedemento selectivo.

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico, o aspirante D. Ignacio Suárez Expósito con DNI \*\*\*8543\*\*, que ocupa o sexto lugar na lista que conforma a bolsa de emprego manifesta a súa renuncia mediante escrito de data 07.09.2021 e con rexistro da sede electrónica núm. 202199900000608. A cal se admite por reunir os requisitos sinalados nas bases do procedemento selectivo.

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico, o aspirante Dña. Mónica Osinde Vázquez con DNI \*\*\*0699\*\*, que ocupa o sétimo lugar na lista que conforma a bolsa de emprego manifesta a súa renuncia mediante escrito de data 08.09.2021 e con rexistro da sede electrónica con núm. 202199900000613. A cal se admite por reunir os requisitos sinalados nas bases do procedemento selectivo.

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico, a Dña. Ana Belén Longueira Ríos con DNI \*\*\*9913\*\*, que ocupan o décimo primeiro lugar na lista que conforma a bolsa de emprego manifesta a súa renuncia mediante escrito de data 08.09.2021 e con rexistro da sede electrónica con núm. 202199900000617. A cal se admite por reunir os requisitos sinalados nas bases do procedemento selectivo.

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico, a aspirante dona Mercedes Ferreiros González con DNI \*\*\*6470\*\*, que ocupa o décimo lugar na lista que conforma a bolsa de emprego manifesta a súa aceptación ao dito posto. Remitindo a documento requirida nas bases para a súa toma de posesión, mediante rexistro na sede do Consorcio con núm. 202199900000616 do 08.09.2021, aceptando o mesmo e procedendo a realizar o seu nomeamento.

Unha vez presentada a documentación requirida na base 14ª das reguladoras da bolsa, procede o seu nomeamento como funcionaria interina cun contrato de acumulación de tarefas, para un período máximo de 6 meses. O obxecto deste

Este documento está asinado electronicamente. Pódese comprobar a súa integridade na sede electrónica do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña <https://sede.cciacoruna.com/gl/> mediante o código de verificación(CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, de Procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público



nomeamento é a realización das liquidacións dos anos 2018 (segundo semestre) e seguintes, sendo realizadas polo funcionario saínte as anteriores a devandita data; así como a xestión das liquidacións en período executivo e calquera outra relacionada con esta tarefa.

Ao abeiro do previsto no artigo 16º dos Estatutos reguladores do Consorcio, e do disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co artigo 14º dos Estatutos do Consorcio, propono á Presidencia a adopción da seguinte resolución:

**PRIMEIRO.-** Nomear a dona Mercedes Ferreiros González con DNI \*\*\*6470\*\*, como funcionaria interina, administrativa do grupo C1, por acumulación de tarefas, cunha duración máxima de seis meses dende a data de toma de posesión.

**SEGUNDO.-** Autorizar e dispoñer o crédito necesario para a súa contratación, incluíndo salario e seguridade social, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.

**TERCEIRO.-** Facer público este acordo no Taboleiro de anuncios do Consorcio, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Consorcio.

**CUARTO.-** Dar traslado da mesma aos servizos de Secretaría Intervención, nóminas e notificar á interesada.(...)>>

De acordo coa mencionada proposta, examinado o expediente, e ao abeiro do disposto no 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o 14 dos Estatutos reguladores do Consorcio, mediante o presente

## **RESOLVO :**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a proposta nos seus mesmos termos.

**SEGUNDO.-** Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

En Carballo, na data que figura na sinatura dixital

O presidente,  
Asdo.: Valentín González Formoso

A secretaria Interventora,  
Asdo.: M<sup>a</sup> Graciela Riveiro Moreira